

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE MARZO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día nove de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de marzo de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de marzo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### 2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2021, primeira fase. Figura dentro do grupo 10 o Concello de Cambre, Bergondo e Betanzos cun importe de 327.053,21 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 40, do 2 de marzo de 2021).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de febreiro ao día 4 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 285/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 320/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
285/2021	26-02-2021	Denuncia as molestias ocasionadas pola cheminea de saída de gases existente na cervexería sita na rúa Francisco Añon, O Temple
286/2021	26-02-2021	Expediente sancionador por ruidos en vivanda en praza da Ría, O).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Infraactores: BGZ e NSC
287/2021	26-02-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CGV
288/2021	26-02-2021	Conceder a licenza para a instalación en espazo privado dunha terraza no restaurante situado no lugar da Cabana, parroquia de Anceis. Solicitante: R S, S.L.
289/2021	26-02-2021	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado na rúa Pintor Pablo Manzano, parroquia de Cambre. Solicitante: APS
290/2021	26-02-2021	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza con dúas mesas con catro cadeiras cada unha fronte ao café-bar situado no lugar de Lema, parroquia de Brexo. Solicitante: ABM
291/2021	26-02-2021	Conceder a licenza para ocupación da vía pública mediante a instalación dunha terraza fronte ao cafe-bar sito na rúa Pígara, parroquia do Temple. Solicitante: VDdeS
293/2021	26-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de marzo de 2021
294/2021	26-02-2021	Conceder a axuda emerxencia social vale de alimentos por un período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EDS
295/2021	26-02-2021	Denegar a axuda vale de alimentos por non cumprir os requisitos do art. 2 da ordenanza, saldo medio de aforro superior ao establecido. Solicitante: MAR
296/2021	01-03-2021	Aprobación de certificacións de obra Penouviña
297/2021	01-03-2021	Denegar a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa minusvalía non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: YCC
298/2021	01-03-2021	Aprobación programa e gasto Noutroira 2021 e Día das Letras Galegas 2021
299/2021	01-03-2021	Subministración informática. Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II
300/2021	01-03-2021	apertura das instalacións do Complexo Municipal da Barcala
301/2021	01-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMSV
302/2021	01-03-2021	Nomeamento de docente para impartir formación Masoterapia e Hixiene postural, dentro do Obradoiro de Emprego PROXEDIS PROWEB II. 2020/21
303/2021	02-03-2021	Conceder a taxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CGC
304/2021	02-03-2021	Subvención para a realización de actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago (Axencia de Turismo de Galicia)
305/2021	02-03-2021	Expediente núm. 7/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao 2021 Expediente: 7/21IR01
306/2021	03-03-2021	Aprobación de certificación obra Reforma do local municipal de Lendoiro. Planta alta. Cambre, subvencionada ao abeiro da Resolución do 29/12/2016 pola que se publica o Acordo do Consello



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		de Dirección do 29/12/2016 polo q se aproban as bases reguladoras das axudas q se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-20 (PDR), e recoñecemento de obrigas factura por importe de 28.893,41 €, e pagamento
307/2021	03-03-2021	Convocatoria e bases concurso de auxiliares administrativos interinos
308/2021	03-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KPJV
309/2021	03-03-2021	Denegar a axuda aluguer por existir avalista no contrato de aluguer. Solicitante: JJCU
0310/2021	03-03-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentos por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: EHB
311/2021	03-03-2021	Conceder a axuda tratamento odontolóxico por importe de 150 euros. Solicitante: EMC
312/2021	03-03-2021	Desestimento axuda lentes correctoras de GYQN
313/2021	03-03-2021	Conceder a axuda aluguer habitación por importe de 200 euros. Solicitante: VOC
314/2021	03-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: GCG
315/2021	03-03-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentos por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: LCC
316/2021	03-03-2021	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 380 euros. Solicitante: MAVC
317/2021	04-03-2021	Informe ao recurso especial en materia de contratación interposto pola FeSP_UGT de Galicia, recurso TACGAL nº 46/2021
318/2021	04-03-2021	Nomeamento técnica de xestión económico-financeira interina
319/2021	04-03-2021	Campaña de conservación da flora e fauna no Concello de Cambre_MT724A_Xunta de Galicia
320/2021	04-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada a axuda do proxecto. Solicitante: NRP

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Designación da responsable do contrato de "Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre", adxudicado a prol do licitador Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU. Expte: 2020/C004/000013
- Proposta de aprobación do Plan de xestión de residuos, presentado pola empresa Ocisat, S.L. adxudicataria da obra "Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020". Expediente: 2020/C003/000005

- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.* adxudicataria da obra "Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala" incluída no POS +2017. Expediente 2017/C003/000006

- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Gestal y López, S.L.* adxudicataria da obra "Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol de Brexo Lema, Cambre". Expediente 2018/C003/000012

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Designación da responsable do contrato de "Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre", adxudicado a prol do licitador Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU. Expte: 2020/C004/000013**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000013 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, do servizo de "*Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre*", cun orzamento base de licitación de 32.982,20 € sen IVE, 39.908,44 € IVE incluído.

Visto que, con data do 2 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato a prol do licitador "Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU", nos prezos unitarios ofertados por dito licitador e por un importe máximo anual para unha duración de un ano de contrato de 39.908,44 euros (IVE incluído), con posibilidade de prórroga anual sucesiva por outros dous anos máis.

Visto que no punto oitavo do acordo adoptado establecíase que :

**"Oitavo:** *De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, o órgano de contratación designará un responsable do contrato, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*  
(...)"

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente nº 2020/C004/000013, e máis co art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, designar responsable do contrato para a prestación do servizo de "*Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre*", á xefa da Unidade de Réxime Interior municipal dona Paula Villamisar Varela, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Segundo:** Notifíquese a presente designación á empresa adxudicataria do contrato, “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU”, facéndolle saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, esto de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Terceiro :** Notifíquese á responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de aprobación do Plan de xestión de residuos, presentado pola empresa *Ocizat, S.L.* adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expediente: 2020/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/00005 para a contratación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación factor prezo, para a obra “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expediente: 2020/C003/000005.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Ocizat, S.L.*” asinándose o correspondente contrato con data de 11 de febreiro de 2021.

Visto o plan de seguridade e saúde aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local con data 2/03/2021.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria, “*Ocizat, S.L.*” con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de marzo de 2021 e número de rexistro 202199900001109.

Visto o informe favorable emitido con data 3 de marzo de 2021 pola Arquitecta Técnica Municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido na cláusula 18.2 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fíron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Ocizat, S.L.*” para a execución da obra denominada “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expte. 2020/C003/000005.

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “*Ocizat, S.L.*”, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá

recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.* adxudicataria da obra “Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala” incluída no POS +2017. Expediente 2017/C003/000006**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 02 de febreiro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.* para a obra “Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala. Expediente 2017/C003/000006.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval número 10001106156 de data 4 de xaneiro de 2018, depositado na Tesourería municipal con data 15/01/2018 por importe de 2.933,88 euros e con núm. de rexistro 787 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal , con data do 02 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización número NUM 61/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 07 de marzo de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte  
**ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” con CIF B1544... e con enderezo Lugar Peiro Arriba, 6, 15198 Veiga, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000006 para a obra “Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Gestal y López, S.L. adxudicataria da obra “Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol de Brexo Lema, Cambre”. Expediente 2018/C003/000012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 10 de maio de 2019, asinou o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Gestal y López, S.L. para a obra “Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol de Brexo Lema, Cambre”. Expediente 2018/C003/000012

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval número 372053, depositado na Tesourería municipal con data 22/01/2019 por importe de 1.149,30 euros e con núm. de rexistro 862 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 02 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización número NUM 60/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 07 de marzo de 2021.



A teor do establecido no arts. 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade “Gestal y López, S.L.. con CIF B1546.... e con enderezo en Queirúa s/n, 15680 Ordes, A Coruña no expediente número 2018/C003/000012 para a obra “Aparcadoiros provisionais na contorna de Vila Concepción e o campo de fútbol de Brexo Lema, Cambre”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia